



Colegio  
APÓSTOL SANTIAGO  
XESUITAS - VIGO

---

# MANUAL DE ACOLLIDA

---







# I. MISIÓN, VISIÓN, VALORES

## 1. QUEN SOMOS?

O Colexio Apóstol Santiago (Xesuítas) é, ante todo, unha comunidade educativa, un grupo de homes e mulleres, xesuítas e laicos, comprometidos e ilusionados coa tarefa de educar. Somos un centro educativo integrado (desde educación infantil a bacharelato), concertado, que ofrece ás familias de Vigo desde fai máis de 145 anos unha educación:

- Integral (de todas as dimensións da persoa).
- Baseada e inspirada nunha visión cristiá do home e da sociedade.
- Centrada na atención persoal ao alumno.
- Cunha pedagogía de inspiración ignaciana (unha pedagogía na tradición da Compañía de Xesús, que parte da reflexión sobre a propia experiencia e pretende chegar á acción transformadora da realidade).
- Inserida na realidade cultural de Galicia.

## 2. QUE PRETENDEMOS?

O fin último da nosa educación é axudar aos alumnos a desenvolver ao máximo todas as súas potencialidades e capacitarlles para chegar a ser:

- Persoas maduras, autónomas e libres.
- Persoas conscientes, competentes e compasivas, homes e mulleres cos demais e para os demais.
- Persoas abertas á transcendencia, capaces de dar unha resposta libre de fe a Deus.
- Que estean en condicións de acceder con garantías a todo tipo de estudos profesionais ou universitarios.

## 3. A TRAVÉS DE QUE MEDIOS?

- O traballo rigoroso e sistemático.
- A coherencia e o testemuño persoal e institucional.
- A utilización de metodoloxías modernas e activas.
- O diálogo entre a fe e a cultura actual.
- O traballo en equipo.
- A mellora continua.
- A formación permanente do profesorado.
- O diálogo entre familia e colexio.

## 4. ONDE QUEREMOS CAMIÑAR?

Queremos seguir sendo un colexio recoñecido na cidade de Vigo pola súa excelencia académica e humana, e en concreto por:

- Uns bos resultados académicos
- A aceptación e o tratamento positivo da diversidade
- Unha pedagogía innovadora
- Unha formación relixiosa rigorosa, renovada e en diálogo coa cultura e a sociedade
- Unha coidada educación en valores



## 5. QUE VALORES INSPIRAN A NOSA ACTUACIÓN?

No noso traballo diario, comprometémonos a cultivar e a intentar harmonizar entre si os seguintes valores:

- Fe (apertura á transcendencia, celebración e expresión da fe cristiá)
- Xustiza (relacións persoais e laborais xustas, preocupación polos máis débiles)
- Liberdade (como o maior ámbito de autonomía persoal compatible co proxecto educativo do centro)
- Construír comunidade (compañeirismo, respecto, diálogo e participación)
- Compromiso (implicación persoal, traballo, xenerosidade, exemplo, testemuño)
- Excelencia (profesionalidade, procura do “magis”)

## II. HISTORIA

### CASE 150 ANOS SERVINDO A GALICIA

No ano **1872**, o P. Tomás Gómez funda o Colexio no **Pazo de Ancéis** (A Coruña) en tres anos máis tarde 1875 o traslada a un terreo edificable de **Camposancos (A Guarda)**. Alí mesmo nace un pequeno Seminario e un centro Universitario, que, evolucionando, se converterán na

**Universidade de Comillas** e a **Universidade de Deusto**, respectivamente. Construcción que segue existindo na actualidade

En **1916** o Colexio ven a **Vigo**, edificio de ‘la Molinera’. Adquirese a finca de Bellavista, onde se instalan las Preparatorias. En **1928**. Inaugúrase o edificio do novo colexio en **Bellavista**, obra do arquitecto vigués José Franco Montes.

En **1932**, o Goberno da República decreta a disolución das comunidades da Compañía de Xesús e o colexio é incautado. O edificio do colexio pasa a ser Instituto de Segunda Ensinanza e, posteriormente, hospital militar durante a guerra civil e ata 1940. Os alumnos e profesores, emigra ó **desterro de Entre-os-ríos e Curía (Portugal)**. En **1936** regresa a España, pero ten que instalarse provisionalmente nos hoteis de **Mondariz Balneario**.

Rematada a guerra civil, o novo goberno suspende o decreto da II República sobre os xesuítas e lles son restituídos os bens incautados. O Colexio Apóstol regresa a Teis (1940). Son 530 alumnos, principalmente internos. Créanse tamén neste ano as **Escuelas de San Ignacio**, en edificios situados fronte ao colexio e propiedade do mesmo, na actual rúa Sanjurjo Badía. Son escolas gratuítas, a elas poden tener acceso alumnos de calquera condición económica. O **P. Nemesio Encinas** será por moitos anos alma e corazón deste segundo colexio. A súa fama e cariño exténdese por todo o barrio de Teis. En **1954** inaugúrase o edificio da igrexa, construído con planos do vigués Antonio Cominges.

Despois dun século, **desaparece o internado (1971)**. Os alumnos do Apóstol serán en adiante unicamente de Vigo e lugares próximos. Nos anos seguintes incrementárase progresivamente a afluencia de alumnos do barrio. Este é o primeiro curso no que asisten **rapazas** ó Colexio: 58 alumnas en **C.O.U.** En **1978**. incorporáranse as primeiras alumnas en **B.U.P.** E sería en 1994 cando ábrese o paso ó Colexio a rapazas dende **Infantil e Primaria**: a primeira alumna que consta como admitida para este curso 94-95, é Angela Barros Santos.

No ano **1998**, o Concello de Vigo concede ao Colexio a **Medalla da Cidade**. O Superior da Comunidade de Xesuítas, o santanderino P. Emilio Vega, agradece o galardón cun breve e emotivo discurso en galego.

Outra data histórica para o Colexio foi o ano **2000**, cando obtén o Concerto Pleno coa Consellería de Educación: o **ensino é gratuíto nos niveis concertados** (de 6 a 16 anos); lógrase un obxectivo importante para o noso Proxecto Educativo.

No curso **2016-17** celébranse os 100 anos da chegada a Vigo do Colexio.

Vídeo dos 100 anos



### III. O COLEXIO HOXE

#### UBICACIÓN

Finca de Bellavista, en Teis (Vigo), rúa Sanjurjo Badía 79. O noso Colexio Apóstol Santiago, Centro establecido e dirixido pola Compañía de Xesús dende 1872, aspira a ser unha Comunidade Educativa Cristiá para servizo de Galicia e na que actualmente fórmanse uns 1.600 alumnos, dende os primeiros niveis de ensino ata bacharelato. Existe coeducación en todos os cursos do Colexio.

#### OFERTA EDUCATIVA

1. Educación Infantil (concertado): 4 liñas
2. Educación Primaria (concertado): 4 liñas
3. Educación Secundaria Obrigatoria (ESO concertado): 4 liñas
4. Bacharelato (privado): 4 liñas

#### INSTALACIÓNS

Na actualidade ocupa un amplo recinto de 50.000 m<sup>2</sup> con catro edificios: á igrexa; o edificio noble, que hoxe alberga dende os máis pequenos ata a Educación Secundaria; o 'Pavillón do Bosque', tradicionalmente de B.U.P. é onde reside o alumnado de 4ºESO, 1º e 2º de Bacharelato'; e o da Entrada Principal: recepción, secretaría e administración, biblioteca, salón de actos, comedor, e nos pisos superiores ten a súa residencia a Comunidade de Xesuítas.

O Colexio tamén se estende en diferentes campos deportivos e uns 4.000 m<sup>2</sup> de bosque con especies arbóreas notabeis. Todo o conxunto aséntase na populosa barriada de Teis, xunto á Igrexa Parroquial, levada tamén pola Compañía de Xesús.

Así, o recreo e as actividades deportivas desenvólvense nun campo de fútbol de dimensións regramentarias e en dous extensos patios nos que se poden levar a cabo xogos e competicións de todo tipo, así como dous campos de baloncesto. Unhas canchas semicubertas de 2.500 m<sup>2</sup> e con luz



artificial. Hai un pequeno parque infantil na zona onde antigamente existía un pequeno lago.

#### ESTADÍSTICA DO COLEXIO (CURSO 2021 - 2022)

Educación infantil: 298  
 Educación Primaria: 605  
 Educación Secundaria: 465  
 Bacharelato: 207  
 Total: 1.575



## HORARIOS

### MADRUGADORES

07:30-09:15

### HORARIOS INFANTIL

Mañá: Entrada 9.15 h | Saída 12:45 h

Tarde: Entrada 15:10 h | Saída 17:00 h

En xuño e setembro: de 9:00 a 14:00

### HORARIOS PRIMARIA

Mañá: Entrada 9:15 h | Saída 12:35 h

Tarde: Entrada 15:10 h | Saída 17:05 h

En xuño e setembro: de 9.00 h a 14:00 h

### HORARIOS SECUNDARIA E BACHARELATO:

Mañá: Entrada 8:10 h | Saída 14:00 h

Tarde dos martes: Entrada 16:15 h | Saída 18:00 h

En xuño e setembro: de 8.10 h a 14:00 h

### BIBLIOTECA

13.00h a 19.00h

### SECRETARÍA

De outubro a maio: 9:00 a 13:00

De setembro a xuño: 8:45 a 13:00

Xullo e agosto: 9:00 a 12:00

### PORTERÍA/RECEPCIÓN

De setembro a xuño: 7:30 a 19:30

Xullo e agosto: 8:00 a 14:00

## 4. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

### Madrugadores

Servizo diario de gardería e/ou almorzo para alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria

Horario: 7:30 a 9:15

### Comedor

Servizo diario, con cociña propia. Horario:

- 1º turno: 12:50h. Educación Infantil e 13:15h. Educación Primaria
- 2º turno: 13:40h. Alumnos/as de E.I. y E.P. que asistiron a actividades extraescolares.
- 3º turno: 14:05h. ESO e Bacharelato

### Transporte escolar

O servizo consta de tres liñas por toda a cidade, cada unha co seu propio percorrido, que se realiza en 4 turnos diarios, dous pola mañan e dous pola tarde. Para alumnado de Educación Infantil e Primaria.

### Enfermería

Servizo atendido por un ATS durante o horario lectivo, todo o curso.

### Biblioteca

Servizo semanal con horario ininterrompido de 13:30 a 19:00 horas. Oferta de contacontos e obradoiros de lecer os venres de 17.00 a 18.00 coa Asociación Xaruma.



## 5. OFERTA DE ACTIVIDADES

**Paraescolares. Amplia oferta de actividades e horarios.** (<https://colegioapostol.com/actividades/paraescolares>)

**Deportivas Federadas. Club Apóstol.** (<https://colegioapostol.com/actividades/deporte-federado>)

**Idiomas. Preparación de exames oficiais CAMBRIDGE.** (<https://colegioapostol.com/actividades/idiomas>)

## 6. PROXECTO EDUCATIVO

O proxecto educativo intégrano os seguintes elementos:

- O **carácter propio**, no que se expresan as características básicas da identidade do Centro e as opcións pedagóxicas e organizativas do mesmo (<https://colegioapostol.com/documentacion-oficial/da-compania-de-xesus/caracter-propio>)
- O **proxecto curricular do centro**, froito do traballo en equipo do profesorado, constitúe o eixo motor da actividade educativa do Centro
- A estrutura organizativa do Centro, que se expresa fundamentalmente a través de dous documentos
  - » O ROF (Regulamento de Organización e Funcionamento de Centro).
  - » O documento "Dereitos e deberes dos alumnos. Normas de convivencia".
  - » (<https://colegioapostol.com/wp-content/uploads/2020/10/normas-convivencia-do-colexio-apstol-santiago-curso-20-21.pdf>)

### **CÓMO O FACEMOS: A TRAVÉS DO PARADIGMA IGNACIANO**

#### ***"Experiencia - Reflexión - Acción"***

Esencial para o proceso de ensino e aprendizaxe. Devandito paradigma personaliza o ensino, partindo do contexto e terminando coa avaliación de todo o proceso, vai levando aos alumnos a reflexionar sobre o contido e o significado do que están estudando e trata de motivalos implicándooos como participantes activos e críticos no proceso de ensino.

Os métodos de ensino e aprendizaxe serán, por conseguinte, predominantemente activos, procurando a constante promoción do alumno nun proceso continuo de maduración e enriquecemento.

<https://colegioapostol.com/wp-content/uploads/2018/08/pedagoga-ignaciana-1.pdf>

## 7. PROTOCOLOS

**Protocolo de Acoso** (<https://colegioapostol.com/educacion/plans/protocolo-prevencion-de-acoso>)

**Procesos de Admisión** (<https://colegioapostol.com/documentacion-oficial/do-centro/proceso-de-admision/informacion-de-admision#1611653973478-a2bd72a2-da16>)

**Protección de Datos** (<https://colegioapostol.com/documentacion-oficial/do-centro/politica-proteccion-de-datos>)



## 8. PASTORAL E FORMACIÓN HUMANA

### PASTORAL

#### *“Da porta para adentro, todo o colexio é capela”*

Así se refería un dos recentes Xenerais da Compañía de Xesús ao traballo educativo nos centros docentes dos xesuítas. É por iso que entendemos o traballo pastoral como tarefa misioneira en sentido amplo, e iso supón unha serie de retos que van desde as estruturas básicas da pastoral, ata as metodoloxías, pasando polas persoas que forman parte do terreo da pastoral infantil e xuvenil (e cada vez máis familiar) -nenos, mozos, familias, pastoralistas- e o modo de relación entre eles.

Buscamos unha pastoral que sexa profundamente coherente, antropolóxicamente significativa, da man da persoa de Xesús de Nazaret e que faga unha explicitación do coñecemento e experiencia de Deus, segundo a Espiritualidade Ignaciana. Partimos da realidade do noso alumnado e das nosas familias, atendemos as súas preocupacións, provocamos preguntas e posibilitamos o encontro con Xesús.

Desde esta formulación cómpre entender as distintas actividades pastorais que ofertamos ao longo do curso: campañas solidarias, oración da mañá, convivencias, retiros, a experiencia do Camiño de Santiago, campos de traballo, celebracións litúrxicas, encontros intercolexiais, etc. O obxectivo final non é o de facer moitas cousas, senón aquelas que poidan chegar máis fondo, axudando aos nenos e mozos a descubrir a súa vida en clave crente.

A responsable deste departamento é Irene Valverde Viqueira. Para máis información, consultar [www.lineasdefuerzasj.org](http://www.lineasdefuerzasj.org)

### FORMACIÓN HUMANA: EIXOS DE INTERVENCIÓN

A entendemos como un proceso continuo, permanente e participativo que busca desenvolver todas e cada unha das dimensións do ser humano (ética, espiritual, cognitiva, afectiva, comunicativa, estética, corporal e socio-política), co fin de lograr a súa realización plena na sociedade, construíndo unha mellor calidade de vida, aportándolle ao entorno social onde se desenvolven.

Os eixos de intervención abarcan os seguinte niveis:

- **“ENSINAR A PENSAR”**. As actividades que se desenvolvan deben responder á pregunta: Que se pode facer para mellorar a capacidade de aprender e pensar nos alumnos?
- **“Ensinar a ser persoa”**. Como podemos axudar aos alumnos na construción da súa identidade persoal? Autoestima, adquisición de valores
- **“Ensinar a convivir”**. Como desenvolver nos alumnos as capacidades sociais básicas para unha boa convivencia? Técnicas dinámica de grupo, habilidades sociais
- **“Ensinar a comportarse”**. Como contribuír a que os alumnos melloren a súa capacidade de adaptación escolar e social? Respecto ás normas de convivencia, desenvolvemento do espírito de solidariedade e cooperación
- **“Ensinar a decidirse”**. Como ensinar e aprender a tomar decisións profesionais? Orientación académica e profesional propiamente dita.

A responsable deste departamento é Irene Valverde Viqueira

## 9. CALENDARIO ESCOLAR 2021/2022

<https://colegioapostol.com/calendario>

## 10. COMUNICACIÓN CO COLEXIO: REUNIÓN XERAIS, TUTORÍAS, COORDINACIÓNS E DIRECCIÓNS.

### REUNIÓN XERAIS

En todos os niveis celébranse dúas ou tres reunións xerais ó longo do curso. As datas de ditas reunións están reflectidas no Calendario Escolar do curso 21/22 e convocadas no momento oportuno. <https://colegioapostol.com/calendario>





## TÍTORIAS

- Entendemos que a Titoría é o mellor medio de atención e axuda persoal ao alumno. O tior é ese profesor que, responsable dun grupo de alumnos, acompaña a cada un no proceso de maduración integral da súa persoa, en colaboración cos Pais e demais educadores do Colexio.
- Para o desempeño da acción titorial inspirámonos no Carácter Propio dos Centros da Compañía de Xesús e na Pedagogía Ignaciana.
- A Educación nos Centros da Compañía de Xesús está orientada cara aos valores e o seu fin último é o crecemento integral da persoa.
- Tratamos de facer esta Educación en Valores nun ámbito de relacións afectivas positivas para que desta forma sexa posible o longo e lento proceso de asimilación persoal en valores.

## CÓMO SOLICITAR UNHA REUNIÓN

Para fixar unha reunión con titores ou titoras, coordinacións ou direccións deben porse en contacto a través do teléfono 986 371011 ou da plataforma ALEXIA, e solicitar unha entrevista explicando o motivo da mesma.

Cando unha familia considere necesario manter unha interlocución con outra persoa do organigrama do centro, ademais de có titor correspondente, deberá facelo, por este orde, coa coordinación do ciclo correspondente e/ou a dirección da etapa correspondente.

A dirección xeral do centro está permanente á disposición das familias para tratar temas particulares do alumnado ou das propias familias unha vez a dirección da etapa teña sida informada do tema en cuestión.

Cando se trata de cuestións de tipo xeral, as preocupacións ou demandas dun curso determinado poderán ser remitidas á persoa delegado da ANPA, que encargárase de trasladar esas preocupacións á Dirección do Centro nas reunións periódicas que mantén a ANPA coa Dirección. Dúas veces ao ano organízase un café có director, ao que se poden inscribir chamando ao teléfono 986 371011, para tratar temas xerais sobre a vida colexial, suxerencias ou oportunidades de mellora

## 11. COMUNIDAD EDUCATIVA EXTENSA (ANPA, ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS, ESCOLA DE PAIS, ENTRECULTURAS)

### ANPA

O Colexio conta Cunha asociación de Nais e Pais constituída por unha Xunta Directiva, e a que tódalas familias do centro poden asociarse e que é o canal de comunicación formal máis apropiado entre familias e Colexio. <http://anpajesuitasvigo.blogspot.com/>

### ASOCIACIÓN DE ANTIGOS ALUMNOS DO COLEXIO APÓSTOL

Esta asociación, formada por máis de 2.000 antigos alumnos, colabora permanentemente có Colexio e ten a súa sede en instalacións do noso centro <http://www.aajesuitasvigo.org/>

### ESCOLA DE PAIS

Grupo de familias que se reúnen, mensualmente, nos locais do Centro Loiola (ubicado na entrada principal do Colexio) nun taller sobre formación e crecemento da persoa. Está dirixido polo xesuíta Fernando Muguruza. Máis información no 986 371011.

### ENTRECULTURAS

A ONG da Compañía de Xesús, Entreculturas, ten como obxectivo defender o dereito á educación no mundo. Con ela mantemos unha estreita vinculación a través da sensibilización e a participación en campañas para apoiar proxectos no Sur [www.entreculturas.org](http://www.entreculturas.org)